

**ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON VARIOS CRITERIOS DE VALORACIÓN DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE ADECUACIÓN EN NAVE EXISTENTE PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA COCIÑA E LOCAIS ANEXOS AUXILIARES.**

**Expediente: GESTDOC 9701/2024**

*Os/As asinantes declaran expresamente que non se atopan en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co contrato ao que se fai referencia neste documento e que informarán sen dilación ao órgano de contratación de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedores/as de que un conflito de intereses pode plantexarse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidesen chegar a comprometer as súas imparcialidades no procedemento de contratación en cuestión.*

Na Casa do Concello de Ames sendo o día 18 de xullo de 2024, réunese a Mesa de Contratación designada para a contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras de adecuación en nave existente para a implantación dunha cociña e locais anexos auxiliares.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Víctor Manuel Fernández Prieto, concelleiro delegado de urbanismo, administración xeral e mobilidade.

**Vogais:**

- Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- M<sup>a</sup> Ofir Aboy García, técnica de secretaría.

**Secretario:** Emilio Garrido Moreira, técnico do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ó exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ó obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno Local aproba a clasificación de ofertas e require a presentación da garantía definitiva e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación. Tamén se lle notificou o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar a través da plataforma de contratación do estado con data 9 de xullo de 2024.

Con data 17 de xullo de 2024 a empresa clasificada en primeiro lugar, Construcciones D. Ogando SL, presenta a través da plataforma de contratación do estado (PCSP) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A Mesa de Contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, solvencia económica e financeira, solvencia técnica, non ter débedas con outras administracións, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de “Adecuación en nave existente para a implantación dunha cociña e locais anexos auxiliares” á empresa **Construcciones D. Ogando SL**, con CIF B15209794, no prezo de douscentos oitenta e cinco mil douscentos dezanove euros con vinte e un céntimos de euro (285.219,21 €), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de cincuenta e nove mil oitocentos noventa e seis euros con tres céntimos de euro (59.896,03 €) o que fai un importe total de trescentos corenta e cinco mil cento quince euros con vinte e catro céntimos de euro (345.115,24 €), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o Presidente deu por rematado o acto do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.